# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ÁLVAREZ LIMESES
CURSO: 3º PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS NATURAIS
DEPARTAMENTO:
DATA: 11 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|
| 1. Coñecer distintos grupos de seres vivos, especialmente de animais e plantas, e describir de xeito sinxelo as funcións vitais. | 1.1. Identifica e nomea animais e plantas. Coñece a existencia de grupos de seres vivos que non son animais nin plantas, e nomea algúns exemplos. | CCL<br>CMCT<br>CD |
| | 1.2. Nomea as funcións vitais e descríbeas de xeito sinxelo. | CCL<br>CMCT<br>CD |
| 2. Coñecer as características xerais dos animais, adquirir a idea de fauna dun lugar e identificar relacións sinxelas entre os diferentes medios nos que habitan os animais e algunhas características que lles permiten vivir neles. | 2.1. Identifica e describe as características xerais dos animais. | CCL<br>CMCT<br>CD |
| | 2.2. Define fauna e describe as necesidades dos animais para sobrevivir nos seus medios e os órganos implicados na súa subsistencia. | CCL<br>CMCT<br>CD |
| 5. Describir as actividades cazadoras, pesqueiras e de domesticación que realizaron os seres humanos ao longo da | 5.1. Comprende e describe os beneficios obtidos a partir da domesticación e cría de animais. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CSC |

| | | |
|---|---|---|
| historia, e os beneficios obtidos delas. | | |
| 6. Identificar e describir as actividades humanas relacionadas coa cría de animais. | 6.1. Define as distintas ganderías de mamíferos, aves e animais acuáticos, e nomea os animais criados en cada unha delas, os procedementos de cría empregados e os alimentos e materiais que se obteñen. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CSC |
| 8. Fomentar o respecto polos animais, valorar a riqueza da fauna planetaria e desenvolver actitudes de protección cara a ela, de xeito especial cara aos animais máis próximos. | 8.1. Manifesta condutas de respecto cara aos animais. Identifica accións que alteran o ámbito e perturban as vidas de animais e plantas. | CCL,<br>CMCT<br>CD |
| 1. Coñecer e describir as características xerais das plantas, así como as súas partes e as tarefas que realizan cada unha delas. | 1.1. Describe as características xerais das plantas, e identifica e nomea as partes dunha planta e as tarefas que realizan. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CAA |

| | | |
|---|---|---|
| | 1.2. Identifica e nomea as partes dunha flor típica, e describe o proceso da reprodución. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| 4. Coñecer os recursos que nos proporcionan as plantas e as actividades que realizamos para a súa obtención e aproveitamento. | 4.1. Define agricultura e silvicultura, e describe tarefas que se realizan para cultivar plantas e obter produtos agrícolas. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CSC |
| 8. Realizar experiencias de observación e interpretación de imaxes sobre plantas e procesos que realizan, tarefas para cultivalas e coidalas. | 8.1. Interpreta e identifica en imaxes, na realidade e en experiencias, partes das plantas, tipos, procesos que realizan e procesos para cultivalas. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CSIEE<br>CCEC |
| 1. Identificar, nomear e describir as características xerais do ser humano e os trazos exclusivos da especie. | 1.1. Identifica, nomea e explica os trazos característicos dos humanos atendendo a criterios de alimentación, desenvolvemento embrionario e medio nos que vivimos. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CAA |

| | | |
|---|---|---|
| | 1.2. Describe as características diferenciadoras da especie humana. Comprende e explica tarefas que podemos realizar grazas aos nosos trazos diferenciais. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CSIEE |
| | 1.3. Recoñece o cerebro como un órgano singular e enumera e explica algunhas das funcións asociadas a el. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CSIEE |
| 2. Identificar e nomear os aparatos implicados nas distintas funcións vitais así como as tarefas xerais que realiza cada un deles. | 2.1. Nomea os aparatos do corpo humano, describe as tarefas que realizan e asóciaos ás funcións vitais de nutrición, relación e reprodución. | CCL<br>CMCT<br>CD |
| | 2.2. Identifica e nomea os principais órganos que forman os distintos aparatos. | CCL<br>CMCT<br>CD |
| 3. Coñecer as etapas da vida dunha persoa e algunhas características básicas de cada unha delas. | 3.1. Ordena cronoloxicamente as etapas da vida dunha persoa e asígnalles as súas características. | CCL<br>CMCT<br>CDC<br>CSIEE |

| 1. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>- Uso de TIC durante o confinamento para comunicación e intercambio de tarefas e actividades. Uso de videoconferencias webet, se procede.<br>- Comprobación e corrección da entrega das tarefas propostas ao alumnado.<br>- Análise das actividades e dos traballos realizados. |
| | Instrumentos:<br>Alumnado: Actividades e/ou traballos realizados.<br>Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado. |
| **Cualificación final** | **3ª Avaliación**<br>- Adaptación da programación para o 3º trimestre.<br>- Cualificación da 3ª avaliación.- Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación.<br>A partir disto:<br>-Alumnado coa media suspensa: Poderá **optar** ao aprobado na área presentando as tarefas proposta polo profesorado.<br>-Alumnado coa media aprobada: Poderá **optar** a mellorar a cualificación presentando as tarefas propostas polo profesorado.<br><br>**Avaliación final**<br>Será a media das tres avaliacións |
| **Proba extraordinaria de setembro** | |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación:<br>-Valorarase o traballo diario dos exercicios propostos no blog, actividades de investigación, observación das realizacións... |
| | Criterios de cualificación:<br>- Teranse en conta os resultados da 1ª e da 2ª avaliación.<br>- Valorarase a realización das actividades de recuperación, reforzo e repaso realizadas no 3º trimestre de cara a unha cualificación positiva. |

| | |
|---|---|
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>Procedemento:<br>- Comprobación e corrección da entrega de actividades propostas ao alumnado.<br>- Análise de producións e traballos.<br><br>Instrumentos:<br>Alumnado: Actividades e traballos realizados<br>Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado. |

| 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | - Actividades de investigación, lectura, creación.... para repaso e ampliación.<br>- Actividades de repaso, reforzo e ampliación (cando cumpra) con libros de texto e fichas, como: lectura de diferentes tipos de textos, propostas de comprensión, completar oracións, relacionar diferentes aspectos, emparellar, buscar datos, formulación de preguntas, ver vídeos, redacción de textos coas partes correspondentes...<br>- Actividades de recuperación relacionadas cos contidos traballados no 1º e 2º trimestres, como poden ser: lectura de textos, exercicios de completar, contestar preguntas, elaborar pequenos textos, contestar cuestionarios... |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das familias.<br>As propostas de tarefas faranse a través do blog de 3º, empregando tamén o correo electrónico e teléfono.<br>Tentarase desenvolver no alumnado as estratexias de planificación, correcta realización e revisión/autocorrección.<br><br>Con conectividade:<br>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.<br>- Desenvolvemento de actividades interactivas utilizando as TIC como recurso de aprendizaxe.<br>- Lectura de textos relacionados co currículo.<br>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados, utilizando materiais como libros de texto e fichas.<br><br>Sen conectividade:<br>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.<br>- Lectura de textos relacionados co currículo.<br>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados para realizar no caderno ou en folios (utilizando materiais como libros de texto e fichas). |
| **Materiais e recursos** | - Libros de texto, recursos didácticos atopados na web.<br>- Recursos TIC: blog do curso, páxina web do centro, correo electrónico, videoconferencias e Abalar.<br>- Teléfono en casos necesarios |

| 3. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A través de mensaxe por Abalar, correo electrónico e teléfono. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |